



ENTRÉGANSE O 30 DE ABRIL

Calveiro e Fernández Naval, duplos finalistas nos Premios AELG

Redacción . A Asociación de Escritores (AELG) presentou os seus premios anuais. Tras unha votación dos seus asociados anunciou os finalistas nas categorías de libros editados como de blogs e xornalismo.



Francisco Fernández Naval

O vilagarcían Marcos Calveiro e o ourensán Francisco X. Fernández Naval son os únicos finalistas que repiten candidatura.

Opta Calveiro ao mellor libro infantil ou xuvenil por *O pintor do sombreiro de malvas* e ao mellor libro de narrativa por *Settecento*, ambos publicados por Xerais.

Na categoría de narrativa, terá que competir con outras catro obras desta editorial, *Xuvia-Neda*, de Vicente Araguas, *Todo é silencio*, de Manuel Rivas, *O coitelo en novembro*, de Marilar Aleixandre, e *Periferia*, de Iolanda Zúñiga, Premio Xerais 2010. A quinta finalista é *Obediencia*, de Antón Lopo,

publicada por Galaxia e que recibiu o Premio García Barros. Quedaron fóra, entre outras, *O imposible de desatar*, de Iván García Campos, Premio Blanco Amor, e *Os fios*, de Xurxo Sierra Veloso, Premio Repsol.

No caso da narrativa para máis novos, Calveiro terá como compañeiros a Pinto e Chinto, por *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Kalandraka; *O segredo de Marco Polo*, do colaborador de *A Nosa Terra Diario* Francisco Castro, editado por Galaxia e *Suso Espada*. "Nota Roja", de Francisco X. Fernández Naval, publicado por Everest. Este autor tamén é candidato na sección de poesía.

Os outros finalistas de lírica son —amais de Fernández Naval, que é candidato por *Bater de sombras*, editado por Espiral Maior (premio Fiz Vergara Vilariño 2010— Antía Otero, por *(Retro)visor*, editado por Xerais, e Ana Román, con *Estremas* (Galaxia).

No capítulo de ensaio, os finalistas son María Pilar García Negro, por unha obra sobre Rosalía de Castro, editada por Sotelo Blanco; Carlos Paulo Martínez Pereiro, que se achega a Uxío Novoneyra, nun texto editado pola Universidade da Coruña, e Manuel Castelao, cuxa obra de interpretación de dúas pezas de Carvalho Calero publicou Laiovento.

Agala de entrega dos premios será o 30 de abril en Santiago. Os membros da AELG serán tamén quen escollan de entre os finalistas os galardoados.



Marcos Calveiro

Blog Literario

1. [Ferradura en tránsito](#), de Xosé Manuel Eyré.
2. [O levantador de minas](#), de Alfredo Ferreiro.
3. [Trafegando ronseis](#), de Gracia Santorum e Xosé Anxo Fernández Alonso.

Ensaio

1. [A man que caligrafando pensa: do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana](#), de Carlos Paulo Martínez Pereiro.
2. [Elucidacións na sombra. Análise e interpretación de dúas pezas de Carvalho Calero](#), de Manuel Castelao.
3. [O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo](#), de María Pilar García Negro.

Literatura Infantil e xuvenil (coa colaboración da Gálix)

1. [Contos para nenos que dormen deseguida](#), de Pinto & Chinto.
2. [O pintor do sombreiro de malvas](#), de Marcos Calveiro.
3. [O segredo de Marco Polo](#), de Francisco Castro.
4. [Suso Espada. "Nota Roja"](#), de Francisco X. Fernández Naval.

Mellor traxectoria en xornalismo cultural 2010 (AELG-Colexio de Xornalistas)

1. [Anxo Tarrío](#).
2. Daniel Salgado.
3. Fran P. Lorenzo.
4. Iago Martínez.
5. Ramón Nicolás.

Narrativa

1. [O coitelo en novembro](#), de Marilar Aleixandre.
2. [Obediencia](#), de Antón Lopo.
3. [Periferia](#), de Iolanda Zúñiga.
4. [Settecento](#), de Marcos Calveiro.
5. [Todo é silencio](#), de Manuel Rivas.
6. [Xuvia-Neda](#), de Vicente Araguas.

Poesía

1. [Bater de sombras](#), de Francisco X. Fernández Naval.
2. [Estremas](#), de Ana Romaní.
3. [Retro\(visor\)](#), de Antía Otero.

Teatro

1. [Canibalismo](#), de Marcos Abalde Covelo.
2. [Cínicas](#), de Teresa Moure.
3. [Flores de Dunsiname](#), de Manuel Lourenzo.

Tradución

1. [Bilbao-New York-Bilbao](#) (Kirmen Uribe), na versión de Isaac Xubín.
2. [Lóbrego Romance. Pálida Pantasma. As Lendas Espectrais de Malvadía](#) (Jack Mircala), por Isabel Soto.
3. [Randeas do alento](#) (Herta Müller), de Marga do Val.